



GUÍA DE TRABAJO CON ALUMNADO CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL

Para traballar co alumnado con discapacidade intelectual, tendo en conta as medidas ordinarias e extraordinarias de atención á diversidade do Decreto 229/2011, aconsellamos unha serie de actuacións:

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	Débase reflectir na programación didáctica as medidas ordinarias ou extraordinarias adoptadas á NEAE (neste caso, a discapacidade intelectual).
ADECUACIÓN DA ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO	- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria ademais dos especialistas en PT e AL. - Adecuación da programación de aula para incluír ao alumnado con NEAE. - Ter en conta a importancia de que o desenvolvemento da ACS discorra á par do currículo ordinario, de xeito que sempre que sexa posible se compartan actividades ou cando menos, sexa da mesma tipoloxía.
ORGANIZACIÓN DA AULA	- Importancia do seu equipo cooperativo. - Importancia na participación das responsabilidades do día a día: Repartir materiais, ser encargado do día... - Necesidade dun ambiente organizado e estruturado. - Establecemento de rutinas diarias que fagan que se sintan máis seguros. - Sensibilizar ao resto de alumnos sobre as dificultades do compañeiro, evitando tanto a discriminación como a sobreprotección, enfatizando na riqueza da diversidade.
METODOLOXÍA	- Aplicación de metodoloxías baseadas no traballo cooperativo, tutoría entre iguais e aprendizaxe por proxectos. - Realización dunha intervención coordinada e multidisciplinar por todo o profesorado que atende ao alumno. - Buscar a axeitada interrelación de ideas e xeneralización das aprendizaxes. - Introducir programas de aprender a pensar e desenvolvemento cognitivo.
TRABAJO DIARIO	- Proporanse actividades adecuadas ao seu nivel de competencia curricular. - Priorizaranse as destrezas instrumentais básicas (lectura/escritura e cálculo). - As actividades fraccionaranse en pequenas partes.



	- Utilizaranse axudas visuais se fora necesario para cerciorarnos de que se comprende a tarefa. - Empregaranse estratexias para focalizar a atención. - Potenciaranse os puntos fortes do alumnado. - Planificar actividades que faciliten a manipulación e teñan aplicación na vida cotiá do alumnado. - Realizaranse actividades en diferentes soportes e de diferente xeito potenciando así as intelixencias múltiples. - Presentarase a información a través de diferentes canais (visual, auditivo...) - Aprendizaxe significativo. - Se fora necesario, teranse en conta medidas de acceso ao currículo ademais das medidas de adaptación curricular.
ADAPTACIÓN DE TEMPOS	- Flexibilización de tempos en probas ou en actividades de aula, cando sexa preciso.
ADAPTACIÓN DE PROBAS ESCRITAS	- Enunciados curtos ou destacar con negrita no enunciado as palabras clave. - Asegurarse de que comprende as preguntas. - Utilizar apoios visuais para facilitar a comprensión. - Intercalar exercicios de diferente nivel de dificultade. - Mellor realizar máis exames que que estes sexan moi longos. - Ter en conta os estándares de aprendizaxe da súa adaptación curricular.
INSTRUMENTOS OU PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	- Realizar unha avaliación continua que valore positivamente todos os progresos. - Utilizar técnicas/instrumentos/procesos de avaliación variados. (non só centrarse no exame, senón utilizar: listas de cotexo, rúbricas...) - Avaliar os aprendizaxes adaptados ao seu nivel de desenvolvemento. - Valorar aqueles aprendizaxes funcionais.